

## CONCURSO

### EDIFICIO XUDICIAL EN O BARCO

O pasado 26 de marzo o xurado do Concurso do Edificio Xudicial de O Barco de Valdeorras fallou o mesmo, propoñendo a designación como gañadores ao proxecto presentado co lema ZXANA 470 integrado polos arquitectos dona Patricia Muñiz Núñez e don Luciano González Alfaia. Outorgando o segundo premio o proxecto presentado

como 112 MATRIX presentado polos arquitectos dona Gemma Huguet Gutiérrez y don Fernando Vázquez Fernández e tres accésits CAPAS 001, BOXES 123 e CON LA VENIA presentado polos arquitectos don Óscar López Alba, don Daniel Rivoira Zecca e don Alfredo Sirvent Silveira, respectivamente. O vindeiro día 2 de maio farase entrega dos premios no Concello de O Barco coa inauguración da exposición dos mesmos.



## CONCURSO

### CIDADE DA XUSTIZA EN VIGO

O xurado do Concurso da Cidade da Xustiza de Vigo fallou o pasado 12 de abril a primeira fase do concurso, propoñendo que pasen á 2ª fase as propostas presentadas cos lemas:

TRANS001, CRACK 111, 12 STONES, IUSTI 714, DAMIR 678, XSGFS 123.

Os equipos redactores dos proxectos seleccionados deberán presentar o proxecto básico antes das 14 horas do 18 de xuño no rexistro da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

## CONCURSOS

### ■ DOG nº 73 de 16 de abril de 2007.

**CONCELLO DE MIÑO.** *Concurso do proxecto e execución da obra de construción dun complexo deportivo no Concello de Miño. Secretaría Xeral do Concello.*

**Entidade adxudicadora** Secretaría Xeral do Concello.

**Tramitación:** Urgente **Procedemento:** Aberto **Forma de adxudicación:** Concurso.

**Orzamento** 3.000.000 €. **Garantía provisional** 60.000 €. **Garantía definitiva** 4% do importe de adxudicación.

**Prazo de presentación de propostas:** Ate as 14,00 horas do décimo quinto día natural a partir do seguinte ao da última publicación no DOG ou no BOP.

**Lugar presentación propostas:** Rexistro Xeral do Concello de Miño. Rúa do Mercado, 16. 1º. 15630-Miño.

**Obtención de documentación e información:** Secretaría Xeral do Concello de Miño. Rúa do Mercado, 16. 1º. 15630-Miño. Tel.: 981782058. Fax: 981783175.

**Páxina web** <http://www.concellodemino.com/galego/administrativa.htm>

### ■ BOE nº 91 de 16 de abril de 2007. Data de envío do anuncio ao D.O.CC.EE.: 27 de marzo de 2007.

**SOCIEDAD PÚBLICA ZARAUTZ-LUR, S.A.** *Concurso para a redacción de proxectos e dirección facultativa íntegra das obras (incluída coordinación de seguridade e saúde) do Centro de Artes Escénicas de Zarautz.*

**Entidade adxudicadora** SOCIEDAD PÚBLICA ZARAUTZ-LUR, S.A.

**Tramitación:** Ordinaria **Procedemento:** Restringido **Forma de adxudicación:** Concurso

**Orzamento** 3.000.000 euros, IVE incluído.

**Prazo de presentación de propostas:** Ate o 2 de maio de 2007.

**Lugar de presentación de propostas:** Zarautz-Lur, S.A. Gaztainpe, 1. 20800-Zarautz.

**Obtención de documentación/información:** Zarautz-Lur, S.A. Gaztainpe, 1. 20800-Zarautz. Tel: 943005129.

**Mais información na web do COAG**

**concurso de programas-carteis  
coag-delegación de santiago**

Reunidos o 10 de abril de 2007 na Delegación de Santiago do COAG, o xurado integrado por:

Alberto Taracido, dibuxante

David Rubín, deseñador gráfico

Miguel Serrano, Secretario da Delegación de Santiago do COAG

Carmen García, representante da Comisión de Cultura da Delegación de Santiago do COAG

Susana R. Alemparte, membro da Comisión de Cultura da Delegación de Santiago do COAG

e actuando como Secretaria Carmen Rey, membro da Comisión de Cultura da Delegación de Santiago

Decidiuse, por unanimidade, outorgar os seguintes premios:



**primeiro premio**

lema:  
metrópolis


autora:  
caridad rodríguez pazo



**segundo premio**

lema:  
1.85:1

autor:  
xulio xosé  
fernández calzadilla



**terceiro premio**

lema:  
4

autor:  
mateo álvarez



**mención**  
(sin dotación económica)

lema:  
skyline

autor:  
carmelo carral marqués